



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 11 DE XULLO DE 2016

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 11 de xullo de 2016.

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:10 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTE: D. Andrés García Bastón.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 20 DE XUÑO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 20 de xuño de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:



Concello de Cangas

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
D.M.N.	Rúa do Gueo, nº 2- O Igrexario- O Hío. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

2.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
M.M.G.	Pinténs, nº 61-O Hío. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 158. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo. Así mesmo, autorízase a sinalización horizontal enfronte do garaxe.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 7 DE XULLO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

EXPEDIENTE Nº 22.939.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR J.L.F.S.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto pola Arquitecta Municipal, con data 6 de xullo de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J.L.F.S., con enderezo en rúa Vázquez Varela, nº 17-3ºB-Vigo, para reforma e ampliación de



Concello de Cangas

vivenda unifamiliar existente, sita en Baixada á Praia de Mendiúña-Aldán, ao abeiro da licenza municipal N° 22.197.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 25.811.- A GAS GALICIA SDG, SA, para na Travesía da Avda. de Lugo, executar unha canalización de 397,75 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.



Concello de Cangas

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de TRESCENTOS EUROS (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de GAS GALICIA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.984.- A RINOCERONTE EDITORA SLU, para obras de acondicionamento de baixo para café-cervexería en rúa Antonio Nores, nº 16-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.918.- A M.A.P., para obras de conservación e mantemento de edificación existente en Camiño Liméns, nº 80-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.945.- A M.G.F., para cambio de material cuberta galpón na Avda. Castroviejo, nº 16-Cangas.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 26.004.- A J.M.I.B., para cambio de tella en vivenda en Camiño Ximeu, nº 16-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.005.- A COMUNIDADE PROIETARIOS EDIFICIO COLÓN, para reparación fachada principal en rúa Baiona, nº 28-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.006.- A COMUNIDADE PROPIETARIOS "SAN CRISTÓBAL", para reparación de fachadas na Avda. de Ourense, nº 1-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.011.- A R.N.P., para colocación de vinilo en fachada Oeste de edificación existente en Viñó, nº 33-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.014.- A M.P.G.G., para impermeabilización de fachadas en Telleiro, nº 18-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.015.- M.R.P., para reparación de fachadas de edificación existente na Avda. Concepción Arenal, nº 9-Coiro e reparación de cuberta de edificación sita na rúa Daríns, nº 3-Cangas.

FACENDA

5º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Este punto foi retirado da orde do día.

6º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

6.A) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 97/2016 DITADA POLA SECCIÓN CUARTA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Dáse conta de sentenza nº97/2016 ditada pola Sección Cuarta da Audiencia Provincial de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº888/14, promovido por M.P.C.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº97/2016 ditada pola Sección Cuarta da Audiencia Provincial de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº888/14, promovido por M.P.C.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.



Concello de Cangas

6.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 13/2015 DIMANANTE DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 396/2012

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 06.07.2016, referente a execución definitiva nº 13/2015 dimanante do procedemento ordinario nº 396/2012, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 13/2015 DIMANANTE DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 396/2012 (X-12/37)

Visto o Decreto de data 17 de xuño de 2016 ditado polo Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 2 de Pontevedra na peza de execución definitiva nº 13/2015, instruído a instancia da mercantil 'ACCIONA AGUA, SAU'.

Visto que o citado decreto na súa parte dispositiva establece:

'Acórdase aprobar a liquidación de xuros legais a favor da parte executante, 'Acciona Agua, SAU' e a cargo da executada, Concello de Cangas, na cantidade de catro mil douscentos dezaoto euros con dez céntimos (4.218,10 €) á que haberá de deducirse a cantidade de novecentos oitenta e sete euros con corenta e oito céntimos (987,48 €) satisfeitos pola executada en tal concepto, ascendendo, por tanto os xuros legais a favor da executante á cantidade de tres mil douscentos trinta euros con sesenta e dous céntimos (3.230,62 €).'

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de tres mil douscentos trinta euros con sesenta e dous céntimos (3.230,62 €) a favor da mercantil 'ACCIONA AGUA, SAU', con cargo á aplicación 161-352 do vixente orzamento municipal.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita, referente a execución definitiva nº 13/2015 dimanante do procedemento ordinario nº 396/2012.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

7º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR



Concello de Cangas

7.A) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 05.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a A.G.G., co expediente nº: 36008/02/1794-VI0000049901, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

** Prestacións:*

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) trescentos cincuenta e sete euros con oitenta e tres céntimos (357,83 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data prevista de alta no SAF: xullo de 2016.

-Atencións de carácter persoal.

-Atencións de carácter doméstico e da vivenda.

-Atencións de carácter psico-social e educativo.

Custo do servizo: oitocentos cincuenta e oito euros con trinta e un céntimos (858,31 €)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

7.B) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 05.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro



Concello de Cangas

Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a I.C.P., co expediente nº: 36008/02/ 214-VI0000033449, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

** Prestacións:*

-Atencións de carácter persoal.

-Atencións de carácter doméstico e da vivenda.

-Atencións de carácter psico social e educativo.

Custo do servizo: cincocentos cincuenta e un euros con setenta e sete céntimos (551,77 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) cento oito euros con noventa céntimos (108,90 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data prevista de alta no SAF: xullo de 2016".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

7.C) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 05.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a C.M.P., co expediente nº 36008/02/2166-VI0000036121, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

** Prestacións:*

-Atencións de carácter persoal.

-Atencións de carácter doméstico e da vivenda.

-Atencións de carácter psico social e educativo.

Custe do servizo: cincocentos cincuenta e un euros con setenta e sete céntimos (551,77 €).



Concello de Cangas

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) oitenta e sete euros con vinte e oito céntimos (87,28 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data prevista de alta no SAF: xullo de 2016”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

7.D) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 05.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a C.S.V., co expediente nº 36008/02/989-VI0000052215, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

* Prestacións:

-Atencións de carácter persoal.

-Atencións de carácter doméstico e da vivenda.

-Atencións de carácter psico social e educativo.

Custo do servizo: douscentos cincuenta e sete euros con corenta e nove céntimos (257,49 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) trinta e sete euros con cincuenta céntimos (37,50 €/mes).

Número de horas: 21 horas.

Data prevista de alta no SAF: xullo de 2016”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.



Concello de Cangas

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

8º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E ARECA (ASOCIACIÓN DE RESTAURADORES DE CANGAS) PARA O DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DA FEIRA DA TAPA-2016

Dáse conta de sinatura o día 7 de xuño de 2016 de convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a Asociación de Restauradores de Cangas, referente a promover o desenvolvemento económico e social do sector da restauración e da hostalería en beneficio dos intereses xerais do sector e potenciar todas as actuacións que teñan como finalidade a promoción turística do municipio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 7 de xuño de 2016 de convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a Asociación de Restauradores de Cangas, referente a promover o desenvolvemento económico e social do sector da restauración e da hostalería en beneficio dos intereses xerais do sector e potenciar todas as actuacións que teñan como finalidade a promoción turística do municipio.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao departamento de Intervención e concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN ESPIÑEIRA

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 08.07.2016, referente a adxudicación do contrato de demolición de vivenda unifamiliar en Espiñeira, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN ESPIÑEIRA



Concello de Cangas

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de demolición de vivenda unifamiliar sita en Espiñeira/Aldán, dando cumprimento á sentenza dita no PO nº 347/2004, peza de execución nº 347/2004.

Visto que a empresa 'MULTISERVICIOS CONTUCHO, SL', achegou en tempo e forma (registro entrada nº 6034 o día 19.05.2016) a documentación que a Xunta de Goberno Local lle solicitou para xustificar a oferta presentada.

Resultando que a mesa de contratación reunida en data 5 de xullo de 2015 propón a adxudicación do contrato a 'MULTISERVICIOS CONTUCHO, SL'.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'MULTISERVICIOS CONTUCHO, SL', con CIF nº B36.449.031 e domicilio social e fiscal na Madalena, nº 30-baixo, Cangas (C.P. 39.949) o contrato de 'DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN ESPIÑEIRA/ALDÁN', coas seguintes especificacións da súa oferta:

- > Prezo IVE non incluído: seis mil trescentos euros (6.300,00 €).*
- > Prazo de execución: 7 días.*

Segundo.- Dispoñer con cargo á aplicación orzamentaria 2016/0/150/22799/01 o gasto que para este Concello representa a mencionada contratación.

Terceiro.- Notificar a 'MULTISERVICIOS CONTUCHO, SL', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante, J.A.F.P. para a sinatura deste, requeríndolle para iso a presentación da garantía necesaria, 5% do valor de adxudicación, IVE non engadido e o resto da documentación necesaria.

Cuarto.- Nomear responsable deste contrato ao arquitecto municipal A.L.P., a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Quinto.- Notificar a todos os licitadores este acordo e dar traslado deste aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como ao responsable do contrato.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro."



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita, referente a adxudicación do contrato de demolición de vivenda unifamiliar en Espiñeira.

B) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO S/ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO-EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "ENREDOS DE VERÁN-2016

Dáse conta de Decreto da Alcaldía do día 07.07.2016, referente a adxudicación do Servizo de asistencia técnico-educativa para o desenvolvemento do programa "ENREDOS DE VERÁN-2016, que di o seguinte:

"DECRETO

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de servizo de asistencia técnico-educativa para o desenvolvemento do programa 'Enredos de Verán-2016'.

Visto que a empresa 'Xestión Cultural Áurea, SL', achegou en tempo e forma (registro entrada nº 8931 do día 07.07.2016) a documentación que se lle fora requirida como paso previo á adxudicación do contrato.

Tendo en conta que a competencia para a adxudicación deste contrato está delegada na Xunta de Goberno Local e que a vindeira sesión que ésta realizará é o vindeiro día 11.07.2016 ás 20:00 horas e que a prestación do servizo contratado debe iniciarse ese mesmo día, cómpre avogar a competencia para adxudicar este contrato e garantir o desenvolvemento das actividades que engloban o programa.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, ACORDO:

Primeiro.- Avogar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local mediante Decreto de data 02.07.2015, para os únicos efectos de adxudicar este contrato.

Segundo.- Adxudicar á empresa 'XESTIÓN CULTURAL ÁUREA, SL', con CIF nº B36394203 e domicilio social e fiscal en rúa Luis Rocafort, nº 47-1ºD de Sanxenxo (CP 36960) o contrato de 'Servizo de asistencia técnico-educativa para o desenvolvemento do programa Enredos de Verán 2016', que deberá executar conforme coas esixencias establecidas nos pregos administrativo e técnico que rexen esta contratación, así como coas condicións descritas no proxecto técnico presentado e polo prezo ofertado que é o seguinte:

Prezo do servizo por usuario e día:



Concello de Cangas

- *Prezo neto: 5,40 euros.*
- *IVE: 0,54 euros.*
- *Importe total: 5,94 euros.*

Terceiro.- Dispoñer con cargo á aplicación orzamentaria 334.22609 o gasto que para este Concello representa a devandita contratación.

Cuarto.- Notificar a 'XESTIÓN CULTURAL ÁUREA, SL', a adxudicación do contrato e citar á súa representante A.F.C para a sinatura deste.

Quinto.- Nomear responsables deste contrato aos técnicos municipais, E.G.G. (director do CMBS) e M.L.N. (técnica da Oficina Municipal de Xuventude), a quen lles corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto.- Notificar a todos os licitadores este acordo e dar traslado deste aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como aos responsables do contrato.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o Decreto da Alcaldía transcrito anteriormente, referente a adxudicación do Servizo de asistencia técnico-educativa para o desenvolvemento do programa "ENREDOS DE VERÁN-2016.

C) APROBACIÓN DE ADXUDICACIÓN DE SUBVENCÍONS DE CULTURA

Visto que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións se tramitara en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.



Concello de Cangas

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Visto que mediante acordo plenario de data do 5 de febreiro de 2016 quedou definitivamente aprobado o orzamento xeral do Concello de Cangas para o exercicio 2016, nos que se consignaba a aplicación orzamentaria 330.48.01 para o outorgamento de subvencións de maneira directa ás seguintes asociacións:

- Asociación Cultural XIRIA: dous mil euros (2.000,00€) para o desenvolvemento de actividades vinculadas ao seu obxecto social.
- Asociación Cultural O GATO: dous mil euros (2.000,00€) para o desenvolvemento da Festa Folc de Vilariño.
- Asociación Cultural MORRAZICA: tres mil euros (3.000,00€) para o desenvolvemento do Kanekas Metal Fest.
- Asociación Cultural CANJAZZ: cinco mil euros (5.000,00€) para o desenvolvemento do Festival de Jazz de Cangas.

Realizada polo Interventor a retención de crédito oportuna e acreditada a existencia de consignación de suficiente aplicación orzamentaria nos orzamentos municipais.

Examinada a documentación que a achega, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar as seguintes subvencións, con cargo á aplicación orzamentaria 330.48.01 do orzamento de gastos do Concello e formalizalas no correspondente convenio, no que se detallan as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala, a:

- Asociación Cultural XIRIA: dous mil euros (2.000,00€) para o desenvolvemento de actividades vinculadas ao seu obxecto social.
- Asociación Cultural O GATO: dous mil euros (2.000,00€) para o desenvolvemento da Festa Folc de Vilariño.
- Asociación Cultural MORRAZICA: tres mil euros (3.000,00€) para o desenvolvemento do Kanekas Metal Fest.
- Asociación Cultural CANJAZZ: cinco mil euros (5.000,00€) para o desenvolvemento do Festival de Jazz de Cangas.



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Proceder á autorización e disposición do gasto con cargo á aplicación orzamentaria 330.48.01.

TERCEIRO.- Notificar aos interesados e requiririlles para a sinatura do correspondente convenio.

D) DACIÓN DE CONTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E ACORDO DE INICIO DOS EXPEDIENTES

D.1) CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA "ADECUACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE DO PARQUE INFANTIL DE RODEIRA-AVDA. DE OURENSE" (PLAN CONCELLOS-2016)

Dáse conta de escrito de data 27.06.2015 da Deputación Provincial de Pontevedra, no que se comunica a concesión de subvención ao Concello de Cangas para o investimento de "ADECUACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE DO PARQUE INFANTIL DE RODEIRA-AVDA. DE OURENSE" (PLAN CONCELLOS-2016), por un importe total de cincuenta mil cincocentos dezaioito euros con dous céntimos (50.518,02 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da concesión de subvención pola Deputación Provincial de Pontevedra, para o investimento de "ADECUACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE DO PARQUE INFANTIL DE RODEIRA-AVDA. DE OURENSE".

SEGUNDO.- Que polo departamento correspondente se proceda á tramitación do inicio do expediente para "ADECUACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE DO PARQUE INFANTIL DE RODEIRA-AVDA. DE OURENSE".

D.2) CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA "RENOVACIÓN URBANA DAS RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO" (POS-2016) (PLAN CONCELLOS-2016 LIÑA 1)

Dáse conta de escrito de data 27.06.2015 da Deputación Provincial de Pontevedra, no que se comunica a concesión de subvención ao Concello de Cangas para o investimento de "RENOVACIÓN URBANA DAS RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO" (POS-2016) (PLAN CONCELLOS-2016 LIÑA 1), por un importe total de noventa e oito mil trescentos sesenta e dous euros con noventa céntimos (98.362,90 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da concesión de subvención pola Deputación Provincial de Pontevedra, para o investimento de "RENOVACIÓN URBANA DAS RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO".

SEGUNDO.- Que polo departamento correspondente se proceda á tramitación do inicio do expediente para "RENOVACIÓN URBANA DAS RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO".

D.3) CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA "REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PONTE BOUZÓS, CONTENCIÓNS E RECOLLIDA DE PLUVIAIS EN OURELO" (POS-2016) (PLAN CONCELLOS-2016 LIÑA 1)

Dáse conta de escrito de data 22.06.2015 da Deputación Provincial de Pontevedra, no que se comunica a concesión de subvención ao Concello de Cangas para o investimento de "REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PONTE BOUZÓS, CONTENCIÓNS E RECOLLIDA DE PLUVIAIS EN OURELO" (POS-2016) (PLAN CONCELLOS-2016 LIÑA 1), por un importe total de cento sesenta e sete mil oitocentos noventa e nove euros con noventa e nove céntimos (167.899,99 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da concesión de subvención pola Deputación Provincial de Pontevedra, para o investimento de "REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PONTE BOUZÓS, CONTENCIÓNS E RECOLLIDA DE PLUVIAIS EN OURELO".

SEGUNDO.- Que polo departamento correspondente se proceda á tramitación do inicio do expediente para "REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PONTE BOUZÓS, CONTENCIÓNS E RECOLLIDA DE PLUVIAIS EN OURELO".

D.4) CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA "PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS NO BARRIO DO OUTEIRO-CASCO VELLO" (POS-2016) (PLAN CONCELLOS-2016 LIÑA 1)

Dáse conta de escrito de data 27.06.2015 da Deputación Provincial de Pontevedra, no que se comunica a concesión de subvención ao Concello de Cangas para o investimento de "PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS NO BARRIO DO OUTEIRO-CASCO VELLO" (POS-2016) (PLAN CONCELLOS-2016 LIÑA 1), por un importe total de cento trinta e un mil cincocentos corenta euros con setenta e sete céntimos (131.540,77 €).



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da concesión de subvención pola Deputación Provincial de Pontevedra, para o investimento de "PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS NO BARRIO DO OUTEIRO-CASCO VELLO".

SEGUNDO.- Que polo departamento correspondente se proceda á tramitación do inicio do expediente para "PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS NO BARRIO DO OUTEIRO-CASCO VELLO".

E) SOLICITUDE DE M.F. S/AMPLIACIÓN DO PROGRAMA SOCIAL "ENREDOS DE VERÁN "

Vista a solicitude presentada o día 08.07.2016 por M.F., na que indica que os seus dous fillos son beneficiarios actualmente do 100% do programa do Concello de Cangas de "ENREDOS DE VERÁN" e para a conciliación da vida laboral e familiar solicita a ampliación das actividades do programa de referencia para os días seguintes: 11, 14, 15, 18, 20, 22 e 27 de xullo e 1, 3, 5, 8, 12, 17, 18, 22, 25 e 26 de agosto do ano que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido ao respecto polo director do Centro Municipal de Benestar Social, acorda tomar coñecemento e aprobar integramente o punto 4º do informe de referencia que é como segue:

"4.- INTERPRETACIÓN E VALORACIÓN PROFESIONAL

A solicitante actualmente carece de ingresos para afrontar a cobertura das necesidades básicas primarias (alimentación, vestido, gastos de subministracións, aluguer, etc...). E a unidade de convivencia destina gran parte dos ingresos que teñen ao aluguer, pago de subministracións... Valorando a situación exposta considérase que procede a concesión da axuda de emerxencia solicitada para cubrir o custo da ampliación do programa 'ENREDOS DE VERÁN' cunha contía total de cento cincuenta e tres euros (153,00 €)".

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.



Concello de Cangas

A secretaria

Visto e prace
o presidente